



CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA  
RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

---

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O  
DÍA 02 DE MAIO DE 2016  
Núm. 06/16**

---

**Lugar:** Salón de Sesións da Casa do Concello de Bueu

**Data:** 02 de maio de 2016

**Hora convocatoria:** 20:00 horas

**Hora comezo:** 20:05 horas

**Hora remate:** 21:55

**Sres. asistentes:**

**Alcalde-Presidente:**

D. Félix Juncal Novas

**Concelleiros:**

**Polo grupo BNG-Asambleas Abertas:**

D. Martín Villanueva Pastoriza

D. Juan Carlos Eirea Eiras

D<sup>a</sup> Ana Isabel Otero Pastoriza

D. José Inocente García Cuervo

D. Fidel Castro Quiroga

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Pérez Piñeiro

D. Manuel Otero Pérez

D. Xosé Leal Fariña

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa López González

D<sup>a</sup> Silvia Carballo González

D<sup>a</sup> Inmaculada Concepción Rodríguez Días

**Polo grupo Partido Popular:**

D. Manuel Santos Pires

D<sup>a</sup> Mercedes del Pilar Otero González

**Polo grupo PSdeG-PSOE:**

D. José Manuel Vilas Pastoriza

**Polo grupo SON**

D. Julio Villanueva González

**Secretaria:**

D<sup>a</sup> Nuria Lobato del Río

**Interventor:**

D. Sergio Curra Moreira

**Incidencias:** Non asiste Dna. Berta Pérez Hernández (PP)

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Bueu, sendo as 20:05 horas do día 02 de maio de 2016, reúnese o Pleno da Corporación Municipal baixo a presidencia do sr. alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión ordinaria, coa seguinte orde do día que resulta da Resolución da Alcaldía núm. 277/16 de data 27 de abril de 2016 e notificada os membros da mesma:



- 
- 1. Actas anteriores núms. 4 e 5/16 (extraordinaria de 16/03/16 e ordinaria de 04/04/16)**
  - 2. Dación conta do informe de morosidad do Concello correspondente ó 1º T/16**
  - 3. Dación conta do informe de morosidade do IMD correspondente ó 1º T/16**
  - 4. Proposta Concelleiro Delegado de Facenda e Réxime Interior, relativa á aprobación inicial do Plantel e Catálogo de Persoal do Concello de Bueu, correspondente ó exercizo 2016.**
  - 5. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación inicial dos Orzamentos do Concello de Bueu e do Instituto Municipal de Deportes (IMD) correspondentes ó exercizo 2016**
  - 6. Dación conta das Resolucións da Alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria**
- Rogos e preguntas.**
- 

Comprobada a existencia de quórum esixible para a celebración da sesión, polo Sr. Alcalde declárase aberta a sesión.

---

## **1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: NÚMS. 4 E 5/16 (EXTRAORDINARIA DE 16/03/16 E ORDINARIA DE 04/04/16)**

---

Pola Presidencia dáse conta do borrador da acta núm. 01/16 da sesión ordinaria da corporación municipal, correspondente ao mes de xaneiro, celebrada o pasado 21 de xaneiro de 2016.

### **1º.- Acta núm. 4 (extraordinaria de 16/03/16)**

---

#### **1. Sr. Villanueva González (Son)**

Matiza que existe un erro tipográfico na páxina 11 onde dí “*co cal era votou a favor*” debe dicir “*co cal ela votou a favor*”.

#### **2. Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Na páxina 11 non se recolle literalmente a intervención, polo que non ten claro. Considera que hai intervencións que deberían ser recollidas integramente.

#### **3. Sr. Alcalde-Presidente:**

As actas recollen o que a Secretaría entende que é a base central de cada intervención. De todas formas revisaráse, e non hai inconveniente algún en facilitarlles o audio.

Non producíndose ningunha outra intervención o Sr. alcalde somete a aprobación o borrador da acta núm. 04/16 da sesión extraordinaria da corporación municipal celebrada o pasado 16 de marzo de 2016 a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:

### **VOTACIÓN E ACORDO:**

Sometida a votación a acta de referencia, coa corrección sinalada polo Sr. Villanueva González, deuse o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (12 dos Concelleiros do BNG e 01 do concelleiro de SON)
- Votos en contra: 1 (do Concelleiro do PsdeG-PSOE)
- Abstencións: 2 (dos Concelleiros presentes do PP)

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta de votos favorables, acorda prestar aprobación á acta da sesión extraordinaria núm. 04/16 celebrada o día 16 de marzo de 2016.

---

### **2º. Acta núm. 5 (ordinaria de 4 de abril de 2016)**

---

#### **1. Sr. Santos Pires (PP):**

Na páxina 10, 1ª líña, na súa intervención, onde dí “*Mancomunidade e Concellos do Morrazo*”, debe dicir “*Comunidade de Concellos do Morrazo*”.

Non producíndose ningunha outra intervención o Sr. alcalde somete a aprobación o borrador da acta núm. 05/16 da sesión ordinaria da corporación municipal, correspondente ao mes de abril, celebrada o pasado 04 de abril de 2016 a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:



### **VOTACIÓN E ACORDO:**

Sometida a votación a acta de rereferencia, coa corrección sinalada polo Sr. Santos Pres, deuse o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (12 dos Concelleiros do BNG, 2 dos Concelleiros do PP, 1 do Concelleiro do PSdeG-PSOE e 1 do Concelleiro de SON)

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos Concelleiros presentes, acorda prestar aprobación á acta de referencia, núm. 05/16 celebrada o día 4 de abril de 2016.

---

## **2. DACIÓN CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO CONCELLO CORRESPONDENTE Ó 1º T/16**

---

Polo Sr. alcalde dáse conta do informe de morosidade do concello relativo ao 1º trimestre do ano 2016 suscrito polo Interventor e Tesoureiro do concello de data 25/04/16, emitido en cumprimento da lei 15/2010 de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais que conteñen a relación de pagos realizados, os intereses de demora pagados, as facturas pendentes de pago e as pendentes de recoñecemento de obriga no 1º trimestre do ano 2016.

Non facendo uso da palabra ningún dos concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da corporación municipal do informe de morosidade do concello relativo ao 1º trimestre do ano 2016 suscrito polo Interventor e Tesoureiro do concello de data 25/04/16.

---

## **3.- DACIÓN CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO IMD CORRESPONDENTE Ó 1º T/16**

---

Polo Sr. alcalde dáse conta do informe de morosidade do IMD relativo ao 1º trimestre do ano 2016 suscrito polo Interventor e Tesoureiro do concello de data 25/04/16, emitido en cumprimento da lei 15/2010 de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais que conteñen a relación de pagos realizados, os intereses de demora pagados, as facturas pendentes de pago e as pendentes de recoñecemento de obriga no 1º trimestre do ano 2016.

Non facendo uso da palabra ningún dos concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da corporación municipal do informe de morosidade do IMD relativo ao 1º trimestre do ano 2016 suscrito polo Interventor e Tesoureiro do concello de data 25/04/16.

---

## **4.- PROPOSTA CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA E RÉXIME INTERIOR, RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL DO PLANTEL E CATÁLOGO DE PERSOAL DO CONCELLO DE BUEU, CORRESPONDENTE Ó EXERCIZO 2016.**

---

Polo Sr. Alcalde dáse lectura literal do ditame favorable da Comisión Informativa permanente de Facenda municipal, modernización da administración local e réxime interior, (5 votos favorables dos concelleiros do BNG e 4 abstencións, das que 2 corresponden ós Concelleiros do PP, 1 ao Concelleiro do PSOE e 1 ao Concelleiro de SON), adoptado en sesión ordinaria celebrada o 27.04.2016, á proposta, de 22.04.2016, do Concelleiro Delegado de Facenda e Réxime Interior, en canto a aprobación inicial do Plantel e Catálogo de Persoal do Concello de Bueu correspondente ó exercizo de 2016 que literalmente dí:

*“ Vista a Memoria-Proposta de Alcaldía de 24 de febreiro de 2016.*

*Vistos o plantel e Catálogo de persoal previsto para 2016 que se adxunta á presente proposta*

---



*Considerando que ditos documentos foron negociado na Mesa xeral de negociación, na sesión celebrada con data 01.03.2016*

*Tendo en conta que por resolución de alcaldía núm. 233/2016 de 07.04.2016 efectuouse o nomeamento de HORTENSIA GESTEIRA ESTEVEZ para o desempeño do posto de SECRETARIA DO ALCALDE do concello de Bueu creado polo Pleno da corporación municipal mediante acordo adoptado na sesión extraordinaria organizativa celebrada con data 29 de xuño de 2015, cuxas características foron publicadas a través do correspondente anuncio publicado no BOP núm. 133 de 14.07.2015.*

*Considerando a obriga de incluír no plantel ao persoal eventual nos termos que resultan do artigo 104.bis.4º da Lei 7/85, de 02/04, reguladora das bases de réxime local*

*En aplicación do art. 126 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local, pola presente presento ao Pleno a seguinte proposta:*

*1º.- Aprobación inicial do Catálogo e Plantel de persoal para o exercizo 2016 que se adxunta á presente proposta.*

*2º.-Someter dito acordo a información pública previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar alegacións. Transcorrido dito prazo sen presentación de reclamación algunha, considérase definitivamente aprobado dito plantel; de habelas, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas e proceder á aprobación definitiva do Plantel xunto cos orzamentos. "*

*A memoria-proposta de alcaldía a que fai referencia a proposta do concelleiro é o seguinte:*

*"A Administración Pública, como organización orientada a servir os intereses xerais, debe contar cos recursos necesarios, materiais e persoais, para o cumprimento dos seus fins. Polo que se refire ós recursos persoais, e por mandato legal, deben optimizarse de xeito que se cumpran os principios de racionalidade, economía e eficiencia.*

*É pois, desde esta óptica, desde a que se formula a presente proposta de plantel e catálogo municipal para a súa aprobación xunto co orzamento municipal; presente proposta, que non incorpora novidades en canto ao plantel do exercizo pasado*

*Os cambios introducidos débense fundamentalmente á vacante que resulta no posto de operario electricista (aptdo. A8) por mor da xubilación do seu titular e á vacante por mor da renuncia do funcionario interino que ocupaba o posto de administrativo-xefe de negociado do departamento de intervención.*

*O contido da presente proposta obedece á vontade de aprobar un plantel de persoal axustado á situación real, que ó mesmo tempo se estima suficiente para a prestación dos servizos obrigatorios establecidos. Asemade actualmente o concello está a rematar o borrador da Relación de postos de traballo e organigrama do concello co obxecto, entre outros, de reordenar a estrutura organizativa.*

*Respecto das modificacións antes sinaladas, indicar que mantéñense unha serie de vacantes:*

- b) Administrativo da Unidade de Administración Xeral: actualmente está en curso o proceso de selección para ser cuberta mediante o sistema de promoción interna.*
- c) Administrativo da Unidade de Administración Xeral: vacante pola xubilación do titular de dita praza.*
- d) Administrativo Xefe de negociado de Intervención: vacante pola xubilación do titular de dita praza e renuncia do funcionario interino que ocupaba dita praza provisionalmente.*
- e) Arquitecto Técnico: vacante e de xeito provisional por funcionario interino.*
- f) Operario cemiterio: Mantense dita vacante por ser a única praza existente no apartado de cemiterios.*
- g) Oficial-Xefe Policía Local: vacante pola xubilación do seu titular, e cuberta de maneira provisional.*



**CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA**

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

h) *Policía Local: o titular atópase en situación de servizo activo en outra Administración.*

i) *Oficial conductor: cuberta por persoal laboral interino.*

j) *Oficial electricista: vacante pola xubilación do titular de dita praza.*

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA:**

*O expediente que se somete a aprobación do Pleno contén os seguintes documentos:*

*A presente Memoria-Proposta de Alcaldía*

*Catálogo de Postos de Traballo do Concello de Bueu*

*Cadro de Persoal 2016*

*Por todo o exposto, desde esta Alcaldía, fórmulase a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*-Aprobar, xunto co orzamento municipal para o exercicio 2016, o Catálogo de Postos de Traballo, Plantel de persoal para o exercicio 2016, de conformidade co previsto pola lexislación vixente. (...)"*

**O CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO que acompaña á proposta é o seguinte:**

| Denominación             | NP | NIVEL<br>CD | TP<br>CP   | FP | AAP | GR/CT | Escala | Titulación<br>Formación  | Obse<br>rvaci<br>óns | Rva<br>nac<br>ion<br>al |
|--------------------------|----|-------------|------------|----|-----|-------|--------|--------------------------|----------------------|-------------------------|
| TCO ARQUIVO.             | 1  | 23          | NS<br>F    | C  | CB  | A2    | AE     | DIPLOMADO                |                      | N                       |
| AUXILIAR ADMTVO<br>Sª.   | 1  | 19          | NS<br>F    | C  | CB  | C2    | AX     | GRADº ESCOLAR            |                      | N                       |
| AUXILIAR ADMTVO          | 4  | 15          | NS<br>F    | C  | CB  | C2    | AX     | GRADº ESCOLAR            |                      | N                       |
| AUXILIAR<br>INSP.TRIBUT. | 1  | 15          | NS<br>F    | C  | CB  | C2    | AE     | GRADº ESCOLAR            |                      | N                       |
| AUXILIAR ADMTVO          | 1  | --          | NS<br>Lab  | C  | CB  | IV    | --     | GRADº ESCOLAR            |                      | N                       |
| AUXILIAR ADMTVO          | 1  | --          | NS<br>Lab  | C  | CB  | IV    | --     | GRADº ESCOLAR            |                      | N                       |
| ADMVO. XEFE<br>NEGOCIADO | 4  | 19          | NS<br>F    | C  | CB  | C1    | AX     | BACH. SUP. OU FP-2       | Vacan<br>te          | N                       |
| ADMTVO                   | 2  | 19          | NS<br>F    | C  | CB  | C1    | AX     | BACH. SUP. OU FP-2       | 2<br>vacan<br>te     | N                       |
| NOTIFICADOR              | 1  | --          | NS<br>Lab. | C  | CB  | V     | --     | CERT. ESCO-<br>LARIDADE. |                      | N                       |
| SECRETARIA XERAL         | 1  | 27/30       | NS<br>F    | C  | AL  | A1    | HN     | LICENCIADO.              |                      | S                       |
| INTERVENTOR<br>XERAL     | 1  | 27/30       | NS         | C  | AL  | A1    | HN     | LICENCIADO.              |                      | S                       |



CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

|                        |   |       |            |   |    |       |    |                     |                   |   |
|------------------------|---|-------|------------|---|----|-------|----|---------------------|-------------------|---|
|                        |   |       | F          |   |    |       |    |                     |                   |   |
| TESOUREIRO             | 1 | 27/30 | NS<br>F    | C | AL | A1    | HN | LICENCIADO          |                   | S |
| ADX.TESOUR.            | 1 | 25/26 | NS<br>F    | C | AL | A2    | HN | DIPLOMADO           |                   | S |
| ARQUITECTO SUPERIOR    | 1 | 25    | NS<br>F    | C | CB | A1    | AE | LICENCIADO          |                   | N |
| ARQUITECTO TÉCNICO     | 1 | 25    | NS<br>F    | C | CB | A2    | AE | DIPLOMADO.          | Vacante/interrino | S |
| OFICIAL ALBANEL        | 2 | 15    | NS<br>F    | C | CB | C2    | AE | GRADº ESCOLAR       |                   | N |
| OFICIAL ELECTRIC.      | 1 | 15    | NS<br>F    | C | CB | C2    | AE | GRADº ESCOLAR       | Vacante           | N |
| OFICIAL CONDUCTOR      | 1 | 15    | NS<br>F    | C | CB | C2    | AE | GRADº ESCOLAR       |                   | N |
| OFICIAL CONDUCTOR      | 1 | 15    | NS<br>F    | C | CB | C2    | AE | GRADº ESCOLAR       |                   | N |
| OFICIAL CONDUCTOR      | 1 | --    | NS<br>Lab. | C | CB | C2    | AE | GRADº ESCOLAR       | Vacante/interrino | N |
| PEÓN OBRAS E SERV.     | 3 | 13    | NS<br>F    | C | CB | AP    | AE | CERT. ESCOLARIDADE. |                   | N |
| PEÓN OBRAS E SERVICIOS | 2 | 13    | NS<br>F    | C | CB | AP    | AE | CERT. ESCOLARIDADE. |                   | N |
| OPERARIO CEMITERIO     | 1 | 13    | NS<br>F    | C | CB | AP    | AE | CERT. ESCOLARIDADE. | vacante           | N |
| OPERARIO LIMPEZA       | 1 | --    | NS<br>Lab. | C | CB | V     | -- | CERT. ESCOLARIDADE. | Fixo/disc         | N |
| CONSERXE               | 2 | 13    | NS<br>F    | C | CB | AP    | AX | CERT. ESCOLARIDADE. |                   | N |
| CONSERXE               | 1 | 13/15 | NS<br>F    | C | CB | C2/AP | AE | GRADº ESCOLAR       |                   | N |
| CONSERXE               | 1 | 13    | NS<br>F    | C | CB | AP    | AE | GRADº ESCOLAR       |                   | N |
| CONSERXE-OPER.MANT.    | 3 | 13    | NS<br>F    | C | CB | AP    | AE | CERT. ESCOLARIDADE. |                   | N |



## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

|                             |    |    |           |     |    |     |          |                    |           |   |
|-----------------------------|----|----|-----------|-----|----|-----|----------|--------------------|-----------|---|
| BIBLIOTECA-RIO              | 1  | -- | NS<br>Lab | C   | CB | II  | --       | DIPLOMADO          |           | N |
| ANIMADOR SOCIOCULT.         | 1  | -- | NS<br>Lab | C   | CB | III | --       | BACH. SUP. OU FP-2 |           | N |
| AUXILIAR BIBLIOTECA         | 1  | -- | NS<br>Lab | C   | CB | IV  | --       | GRADº ESCOLAR      |           | N |
| TRABALLADO-RA SOCIAL.       | 1  | -- | NS<br>Lab | C   | CB | II  | --       | DIPLOMADO          |           | N |
| OFICIAL-XEFE Policía Local  | 1  | 18 | S<br>F    | C/L | CB | C1  | AE       | BACH. SUP. OU FP-2 | Vacante   | S |
| OFICIAL Policía Local       | 1  | 18 | NS<br>F   | C   | CB | C1  | AE       | BACH. SUP. OU FP-2 |           | S |
| POLICIA LOCAL Policía Local | 12 | 15 | NS<br>F   | C   | CB | C1  | AE       | BACH. SUP. OU FP-2 | 1 vacante | S |
| SECRETARIO/A ALCALDE        | 1  | 19 | E         | L   | CB | C1  | Eventual | Sen titulación     |           | N |

### Códigos empregados

NP: Número de postos ou dotacións

CD: Complemento de destino ( nivel)

TP/ CP: Tipo de posto, singularizado ( S) ou non singularizado ( NS)/ Clase de posto, funcionario ( F), laboral (L), eventual (E)

FP: Forma de provisión, concurso ( C) ou libre designación ( L)

A.A.P: Adscrición a Administración Pública: Administración local en xeral ( AL) ou Concello de Bueu ( CB)

GR/CT: Grupo ( funcionarios) ou categoría ( laborais)

ESCALA ( funcionarios): Habilitación nacional ( HN), Administración Xeral ( AX) ou Administración Especial ( AE)

RVA NACIONALES: S ( Sí reservados a nacionais españois) N ( abertos á súa cobertura por extranxeiros que se refire o RD 543/2001 de 18 de maio)

O CADRO DE PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO - ANO 2016 que acompaña á proposta é o seguinte:

#### **PERSOAL EVENTUAL (ANO 2016)**

| Denominación da praza | Número | Grupo | Subgrupo | Nivel | Situación                       |
|-----------------------|--------|-------|----------|-------|---------------------------------|
| Secretaría do alcalde | 1      | C     | C1       | 19    | Nomeamento por RA núm. 233/2016 |

#### **FUNCIONARIOS DE CARREIRA (ANO 2016)**

#### **A.1) UNIDADE DE ADMINISTRACIÓN XERAL**



**CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA**

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

| Denominación da praza | Número | Grupo | Subgrupo | Nivel | Escala               | Subescala      | Clase/Categoría | Situación  |
|-----------------------|--------|-------|----------|-------|----------------------|----------------|-----------------|------------|
| Conserxe              | 1      | AP    |          | 13    | Administración Xeral | Subalterna     |                 | Propiedade |
| Administrativo        | 1      | C     | C1       | 19    | Administración Xeral | Administrativa |                 | Vacante    |
| Administrativo        | 1      | C     | C1       | 19    | Administración Xeral | Administrativa |                 | Vacante    |

**A.2) UNIDADE DE ARQUIVO**

| Denominación da praza              | Número | Grupo | Subgrupo | Nivel | Escala                  | Subescala | Clase/Categoría | Situación  |
|------------------------------------|--------|-------|----------|-------|-------------------------|-----------|-----------------|------------|
| Técnico de arquivo e documentación | 1      | A     | A2       | 23    | Administración Especial |           |                 | Propiedade |

**A.3) DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA**

| Denominación da praza         | Número | Grupo | Subgrupo | Nivel | Escala               | Subescala      | Clase/Categoría | Situación  |
|-------------------------------|--------|-------|----------|-------|----------------------|----------------|-----------------|------------|
| Secretario Xeral              | 1      | A     | A1       | 27/30 | Habilitación Estatal | Secretaría     |                 | Propiedade |
| Administrativo Xefe Negociado | 1      | C     | C1       | 19    | Administración Xeral | Administrativa |                 | Propiedade |
| Auxiliar Administrativo       | 1      | C     | C2       | 19    | Administración Xeral | Administrativa |                 | Propiedade |

**A.4) DEPARTAMENTO DE REXISTRO, P.M.H., ESTATÍSTICA E CENSO**

| Denominación da praza            | Número | Grupo | Subgrupo | Nivel | Escala               | Subescala      | Clase/Categoría | Situación  |
|----------------------------------|--------|-------|----------|-------|----------------------|----------------|-----------------|------------|
| Administrativo Xefe de Negociado | 1      | C     | C1       | 19    | Administración Xeral | Administrativa |                 | Propiedade |
| Auxiliar Administrativo          | 1      | C     | C2       | 15    | Administración Xeral | Administrativa |                 | Propiedade |

**A.5) DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN**

| Denominación da praza         | Número | Grupo | Subgrupo | Nivel | Escala               | Subescala      | Clase/Categoría | Situación  |
|-------------------------------|--------|-------|----------|-------|----------------------|----------------|-----------------|------------|
| Interventor Xeral             | 1      | A     | A1       | 27/30 | Habilitación Estatal | Intervención   |                 | Propiedade |
| Administrativo Xefe Negociado | 1      | C     | C1       | 19    | Administración Xeral | Administrativa |                 | Vacante    |





**CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA**

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

| <b>A.6) DEPARTAMENTO DE TESOURERÍA</b>                    |        |       |          |       |                         |                         |                 |            |
|---|--------|-------|----------|-------|-------------------------|-------------------------|-----------------|------------|
| Denominación da praza                                     | Número | Grupo | Subgrupo | Nivel | Escala                  | Subescala               | Clase/Categoría | Situación  |
| Tesoureiro  | 1      | A     | A1       | 27/30 | Habilitación Estatal    | Intervención-tesourería |                 | Propiedade |
| Adxunto Tesourería  | 1      | A     | A2       | 25/26 | Habilitación Estatal    |                         |                 | Propiedade |
| Auxiliar Administrativo                                   | 2      | C     | C2       | 15    | Administración Xeral    | Auxiliar                |                 | Propiedade |
| Aux.. Admttvo. Inspección tributos/ Encargado de mercados | 1      | C     | C2       | 15    | Administración Especial | Auxiliar                |                 | Propiedade |

| <b>A.7) DEPARTAMENTO DE URBANISMO, MEDIO AMBIENTE E ACTIVIDADE DE SUPERVISIÓN</b> |        |       |          |       |                         |                |                 |            |
|---|--------|-------|----------|-------|-------------------------|----------------|-----------------|------------|
| Denominación da praza   | Número | Grupo | Subgrupo | Nivel | Escala                  | Subescala      | Clase/Categoría | Situación  |
| Arquitecto Superior   | 1      | A     | A1       | 25    | Administración Especial | Técnica        |                 | Propiedade |
| Arquitecto Técnico  | 1      | A     | A2       | 25    | Administración Especial | Técnica        |                 | Vacante    |
| Administrativo Xefe Negociado   | 1      | C     | C1       | 19    | Administración Xeral    | Administrativa |                 | Propiedade |
| Auxiliar Administrativo   | 1      | C     | C2       | 15    | Administración Xeral    | Administrativa |                 | Propiedade |

| <b>A.8) ÁREA DE OBRAS E SERVICIOS</b>      |        |       |          |       |                         |                     |                    |            |
|--|--------|-------|----------|-------|-------------------------|---------------------|--------------------|------------|
| Denominación da praza                      | Número | Grupo | Subgrupo | Nivel | Escala                  | Subescala           | Clase/Categoría    | Situación  |
| <b>a) Brigada obras e servicios varios</b> |        |       |          |       |                         |                     |                    |            |
| Oficial albanel                            | 1      | C     | C2       | 15    | Administración Especial | Servicios Especiais |                    | Propiedade |
| Oficial                                    | 1      | C     | C2       | 15    | Administración Especial | Servicios Especiais |                    | Propiedade |
| Oficial electricista                       | 1      | C     | C2       | 15    | Administración Especial | Servicios Especiais |                    | Vacante    |
| Oficial conductor                          | 2      | C     | C2       | 15    | Administración Especial | Servicios Especiais |                    | Propiedade |
| Peón Obras e Servicios                     | 4      | AP    |          | 13    | Administración Especial | Servicios Especiais | Persoal de oficios | Propiedade |



**CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA**

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

|   |   |                                |                                |       |                         |                     |                    |            |
|---|---|--------------------------------|--------------------------------|-------|-------------------------|---------------------|--------------------|------------|
| <b>b) Cemiterios</b>                      |   |                                |                                |       |                         |                     |                    |            |
| Operario                                  | 1 | AP                             |                                | 13    | Administración Especial | Servicios Especiais | Persoal de oficios | Vacante    |
| <b>c) Colexios e instalac. municipais</b> |   |                                |                                |       |                         |                     |                    |            |
| Conserxe                                  | 1 | Grupo sen titulación requirida |                                | 13    | Administración Xeral    | Subalterna          |                    | Propiedade |
| Conserxe                                  | 1 | Grupo sen titulación requirida | Grupo sen titulación requirida | 13/15 | Administración Xeral    | Subalterna          |                    | Propiedade |
| Conserxe                                  | 1 | Grupo sen titulación requirida |                                | 13    | Administración Xeral    | Subalterna          |                    | Propiedade |
| Conserxe-operario mantemento              | 4 | Grupo sen titulación requirida |                                | 13    | Administración Xeral    | Subalterna          |                    | Propiedade |
| Operario limpeza                          | 3 | Grupo sen titulación requirida |                                | 13    | Administración Especial | Servicios Especiais | Persoal de oficios | Propiedade |

| <b>A.9) DEPARTAMENTO DE POLICÍA LOCAL</b> |        |       |          |       |                         |                     |                 |            |
|---|--------|-------|----------|-------|-------------------------|---------------------|-----------------|------------|
| Denominación da praza                     | Número | Grupo | Subgrupo | Nivel | Escala                  | Subescala           | Clase/Categoría | Situación  |
| Oficial-Xefe Policía Local                | 1      | C     | C1       | 18    | Administración Especial | Servicios Especiais | Policía Local   | Vacante    |
| Oficial Policía Local                     | 1      | C     | C1       | 18    | Administración Especial | Servicios Especiais | Policía Local   | Propiedade |
| Policías Policía Local                    | 12     | C     | C1       | 15    | Administración Especial | Servicios Especiais | Policía Local   | Vacante 1  |

**PERSOAL LABORAL FIXO (ANO 2016)**

**CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA**

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

| <b>B.1) DEPARTAMENTO DE REXISTRO, P.M.H., ESTADÍSTICA E CENSO</b> |               |                           |                  |
|---|---------------|---------------------------|------------------|
| <b>Denominación da praza</b>                                      | <b>Número</b> | <b>Titulación esixida</b> | <b>Situación</b> |
| Notificador   | 1             | Certificado Escolaridade  | Fixa             |

| <b>B.2) DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN</b>        |               |                           |                  |
|---|---------------|---------------------------|------------------|
| <b>Denominación da praza</b>                    | <b>Número</b> | <b>Titulación esixida</b> | <b>Situación</b> |
| Auxiliar Administrativo (apoio xestión persoal) | 1             | Graduado Escolar          | Fixa             |
| Auxiliar Administrativo (xestión persoal)       | 1             | Graduado Escolar          | Fixa             |

| <b>B.3) OBRAS E SERVICIOS</b>              |               |                           |                  |
|--|---------------|---------------------------|------------------|
| <b>Denominación da praza</b>               | <b>Número</b> | <b>Titulación esixida</b> | <b>Situación</b> |
| <b>Brigada de obras e servicios varios</b> |               |                           |                  |
| Oficial conductor                          | 1             | Graduado Escolar          | Vacante          |

| <b>B.4) DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CULTURA, DEPORTES E TURISMO</b> |               |                            |                  |
|---|---------------|----------------------------|------------------|
| <b>Denominación da praza</b>  | <b>Número</b> | <b>Titulación esixida</b>  | <b>Situación</b> |
| Bibliotecario   | 1             | Diplomado                  | Fixa             |
| Auxiliar Biblioteca a tempo parcial                                 | 1             | Graduado Escolar           | Fixa             |
| Animador Socio-Cultural   | 1             | Bachiller superior ou FP-2 | Fixa             |

| <b>B.5) DEPARTAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS, SANIDADE E PROMOCIÓN DO EMPREGO</b> |               |                           |                  |
|--|---------------|---------------------------|------------------|
| <b>Denominación da praza</b>   | <b>Número</b> | <b>Titulación esixida</b> | <b>Situación</b> |
| Asistente Social   | 1             | Diplomado                 | Fixa             |

| <b>B.6) COLEXIOS</b>         |               |                           |                    |
|------------------------------|---------------|---------------------------|--------------------|
| <b>Denominación da praza</b> | <b>Número</b> | <b>Titulación esixida</b> | <b>Situación</b>   |
| Operarios limpeza            | 1             | Certificado Escolaridade  | Fixas discontinuas |



Rematada a lectura do ditame o Sr. alcalde engade que este catálogo ou plantel é similar ó de anos anteriores, supoñendo que terá unha vixencia espera que breve ou transitoria, por canto se está a negociar a futura Relación de Postos de Traballo, que esperamos que durante os vindeiros meses se poida pechar a negociación e tramitar a súa aprobación. Por tanto, a partir dese momento Bueu terá unha RPT, desaparecendo esta figura de catálogo.

A continuación, o Sr. alcalde declara aberto o debate:

### **Debate:**

#### **▪ Sr. González Villanueva (SON):**

Gústalle que o Sr. Alcalde faga referencia á RPT, entende que está ben que de momento se presente o Catálogo. Falouse na Comisión, a proposta do Partido Popular, que xa que ven a Pleno, votamos en falta que se nos chamase para, polo menos poder escoitar, aínda que non somos a empresa que fai o Catálogo nin fai a RTP, posto que a empresa é o grupo de goberno, para cando menos poder facer algún comentario ou estar enterados do tema, anunciando que o seu grupo vai votar en contra seguindo o criterio dun dos primeiros plenos no cal, aínda que é legal, está en contra da contratación dunha persoa da súa confianza a dedo. Se lle fai falta un Secretario ao Sr. Alcalde, que saque a praza en propiedade ou que faga como se fixo ata agora. No catálogo que hai existen bastantes vacantes para poder sacar unha para si a ao Sr. Alcalde faille falta unha persoa de confianza.

Asemade sinala que Bueu é terceiro concello da provincia que menos lles paga ós seus traballadores;

Non cree necesario o nomeamento dunha persoa de confianza tendo en conta a forma de traballar do goberno municipal, onde os concelleiros non asesoran ao alcalde senon ao contrario, e considera unha falta de ética que un alcalde de esquerdas contrate a unha persoa que posiblemente teña toda razón do mundo legalmente -sin ter nada en contra da persoa contratada-, simplemente polas portas xiratorias e os enchufes a dedo polo Sr. Alcalde.

Anuncia o seu voto en contra do seu grupo.

#### **▪ Sr. Alcalde:**

Contesta que non se contratou a ninguén. Entende que confunde a fórmula legal de relación desa persoa eventual, como persoa de confianza de libre designación da Alcaldía; non hai ningún contrato laboral, en todo caso trátase dunha persoa que pasa a prestar servizos ó Concello mediante unha Resolución da Alcaldía para o período de tempo do mandato do Alcalde ou ata que o Alcalde decida; trátase dunha fórmula perfectamente válida e legal, e como pasa en todos os Concellos, non somentes en Bueu; en Concellos onde o seu grupo ou grupos ós que pertencen as súas siglas ou parecidas, tamén os ten e moitos máis, e non dende agora, senón dende fai moitos anos. Polo tanto, en canto á legalidade non ven por si ten maioría, senón si é legal ou ilegal, sendo neste caso totalmente legal. Non se trata de ningún asesor do Alcalde para nada.

Se quere introducir o matiz de que si é o Alcalde o que asesora ós Concelleiros e non os Concelleiros ó Alcalde, iso forma parte das súas opinións, non da legalidade.

Polo tanto, non hai absolutamente ningunha dúbida respecto da legalidade da incorporación desta persoa como libre designación do Alcalde, persoal eventual, nin tan sequera hai que negocialo na Mesa de Negociación; e a segunda cuestión a que facía referencia, as cousas son como son, non como nos gustaría nun determinado momento que fose. Vostede ou vostedes, porque foi outro grupo o que o plantexou na Comisión Informativa, lles gustaría formar parte da Mesa de Negociación, non o discuto, pero as



cousas son así; na Mesa de Negociación están os representantes do goberno municipal e vostedes non están no goberno municipal.

O que pasa é que , unha vez máis queremos falar de falta de transparencia, de impedir a participación nos órganos e no coñecemento dos asuntos e demais. Vostedes teñen coñecemento dos asuntos cando a lei lles asigna o dereito a coñecer deses asuntos, incluso antes, como pasou coma explicación dos orzamentos deste ano 2016; polo tanto, tanto unha cuestión como a outra, creo que están perfectamente claras.

▪ **Sr. Otero Pérez (BNG):**

Sinala que a persoa nomeada como persoal eventual, viña dun plan de prácticas da Deputación como titulados superiores, e amosou a súa capacidade e aptitude. Critica as manifestacións da oposición e pensa que hai que facelo con rigor. Tamén critica as insinuacións de que o Alcalde mande e os Concelleiros non pintan nada.

▪ **Sr. Villanueva González (SON):**

Está completamente dacordo co Sr. Otero Pérez, que ten toda a razón do mundo. Agora ben, o Sr. Otero Pérez é un home técnico no deporte; eu levei deportes no ano 2003, non era tan técnico como él nin moito menos, e deixábame asesorar polos técnicos.

O meu partido non ten a mesma idea que tedes vos de como se trata á oposición.

En canto á contratación, nos consideramos que é completamente legal; xa dixen ó principio da miña intervención que foi nun dos primeiros plenos en que o grupo municipal SON votou en contra de darlle potestade ó Alcalde para que contratase ou tivese a posibilidade de contratar a unha persoa de designación directa, nos opoñémonos a que no catálogo de persoal apareza ese contrato, simplemente por lóxica aritmética, se eu non quero que o Sr. Alcalde poida contratar, cando contrata a alguén “a dedo” por libre elección, sexa mellor traballador ou peor traballador. Polo Concello de Bueu pasaron traballadores a esgalla que cumpriron coa súa función con becas ou con fondos da Deputación ou da Xunta e de onde sexa, e simplemente agora parece que é indispensable porque é a primeira vez que pasa que se contrate a unha persoa sexa quen sexa; simplemente no me gusta que o Sr. Alcalde poida ter a capacidade nun Concello de elixir a dedo un cargo, cando hai prazas administrativas vacantes dabondo para non ter que contratar a dedo un persoal a criterio do Sr. Alcalde.

Non poño en tela de xuízo se é a mellor persoa que pasou polo Concello, se o traballador traballa 25 horas, si traballa 30, si traballa 60 ou 100 a semana. Simplemente é por postura do noso grupo e non me compare a outros grupos, porque eu son ACB (Asociación Cidadán de Bueu), aínda que nas eleccións figuran como SON para poder concorrer; o grupo municipal ACB non contratou a ninguén. No me veña con que si somos de SON, que somos de Beiras, que somos de tal. Por aí non paso. Vai en contra da nosa ideoloxía de que o Sr. Alcalde poida contratar unha persoa “a dedo”, aínda que con toda legalidade.

▪ **Sr. Eirea Eiras (BNG):**

Profundando no que dicía o meu compañeiro Sr. Otero Pérez, poñamos as cousas no seu punto xusto. Por exemplo cando dí que Bueu é similar a Moaña ou practicamente igual, cando o censo de Moaña é de 19.309 habitantes, é dicir, un 50% máis, quedou dito algo moi inexacto; entón se se trata de traer rigor aquí ou de fortalecer os argumentos con datos, a ser posible que sexan datos o máis cercanos á realidade. Moaña ten 7.000 habitantes máis que Bueu.

Por outra parte, ese plantexamento que fai SON de non contratar a dedo, é unha postura defendible. Non creo que sexa equiparable ó que aquí está a suceder. Tampouco creo que existan tantas prazas baleiras, pero en calquera caso quero deixar claro que eu me



deixo asesorar moitísimo polo Sr. Alcalde porque hai moitas cousas que el sabe e eu non, pero tamén hai algunhas nas que eu o asesoro a el como Concelleiro que son.

▪ **Sr. Villanueva González (SON):**

De 5 comisións que temos neste Axuntamento, contestoume o Presidente dunha, o Presidente doutra, pero nin me contestou o Presidente da Comisión de Facenda nin o que leva o tema dos traballadores.

A vehemencia coa que se defende o Sr. Alcalde en canto á contratación é a dedo, esta postura non foi defendida por quen corresponde.

Para min é indefendible que un goberno de esquerdas, nacionalista contrate a dedo, polo que vou a votar en contra; fíxeno nos primeiros plenos cando se trullo a proposta, e vouno facer agora. Non hai máis debate nin máis historia.

▪ **Sr. García Cuervo (BNG):**

O Xefe de Persoal é o Sr. Alcalde.

▪ **Sr. Alcalde:**

Non se trata dunha contratación, como así expliquei na primeira das miñas intervencións. Cando un se pon a cuestionar a legalidade ou a ética sobre unha relación destas, ten que saber neste caso o alcance ou o contido de cada unha desas relacións, senón é mellor non abrir a boca, pero en todo caso quedaría exposto a que alguén lle emende as súas declaracións. Está reiteradamente dicindo algo que é falaz; non se trata dunha contratación laboral, que quede perfectamente claro. É a mesma forma que utilizan os grupos parlamentarios ou outros cando tamén contratan asesores, non digo que si nin que non, pero en todo caso pode ser similar, ou parece que en Bueu as cousas que pasan en outros Concellos ou en outras Administracións están vetadas; parece que ter unha persoa aquí que empeza a realizar unha función que nunca se realizou neste Concello, dunha área importante estratéxica nun momento de modernización e de proxección cara fóra como pode ser comunicación, para que se faga algo que non se estaba a facer sistematicamente no Concello, non somentes por parte da Alcaldía, senón de Concelleiros, Concelleiras e de toda a Corporación que reciben documentación e información de todo que é a vida municipal; pois iso se está a facer grazas ó traballo que viña realizando unha persoa que tiña unha bolsa a cargo da Deputación e que realizou dunha forma absolutamente impecable o seu trabalo e que o goberno municipal decidiu neste caso darlle continuidade. Máis méritos imposible, polo menos para nós que non tiñamos experiencia nese campo. Esa é unha proposta importante do goberno, asumir tamén un papel activo na imaxe exterior do propio Concello.

Entende que pode molestar, pero e o noso deber dar a coñecer á cidadanía o que pasa aquí dentro, ser o máis transparentes posibles; que a información chegue o máis detalladamente posible á cidadanía.

▪ **Sr. Villanueva González (SON):**

Pide intervir de novo.

▪ **Sr. Alcalde:**

Respóndelle que xa rematou o debate.

Non producíndose máis intervencións, o Sr. alcalde somete a proposta, de 22.04.2016, do Concelleiro Delegado de Facenda e Réxime Interior, en canto a aprobación inicial do Plantel e Catálogo de Persoal do Concello de Bueu correspondente ó exercizo de 2016, a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:



### **VOTACIÓN E ACORDO:**

Rematado o capítulo de intervencións, o Sr. Alcalde-Presidente somete a votación a proposta do Concelleiro Delegado de Facenda e Réxime Interior, de data 22 de abril de 2016, relativa á **Aprobación inicial do Plantel e Catálogo de Persoal do Concello de Bueu correspondente ao exercicio 2016**, dándose o seguinte resultado:

- Votos a favor. 12 (dos Concelleiros do grupo municipal do BNG)
- Votos en contra: 2 (dos Concelleiros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e SON)
- Abstencións: 2 (dos Concelleiros presentes do grupo municipal do PP)

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta de votos dos membros presentes da Corporación, acorda:

1. Aprobar inicialmente o Catálogo e Plantel de Persoal para o exercizo 2016 que se achega xunto coa proposta.
2. Someter dito acordo a información pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar alegacións. Transcorrido dito prazo sen presentación de reclamación algunha, considerarase definitivamente aprobado dito Plantel; de habelas, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas e proceder á aprobación definitiva do Plantel xunto cos orzamentos.

### **5. PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL DOS ORZAMENTOS DO CONCELLO DE BUEU E DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES (IMD) CORRESPONDENTES Ó EXERCIZO 2016**

Polo Sr. alcalde dáse lectura literal do ditame favorable da Comisión Informativa permanente de Facenda municipal, modernización da administración local e réxime interior, (05 votos a favor dos concelleiros do BNG, e 4 abstencións, das que 2 corresponden aos representantes do PP, 1 ao concelleiro do PSOE e 1 ao representante de ACB-SON), adoptado en sesión ordinaria celebrada o 27.04.2016, á proposta, de 20.04.2016, da alcaldía relativa á aprobación inicial dos Orzamentos do Concello de Bueu e do Instituto Municipal de Deportes (IMD) correspondente ao exercizo 2016 que literalmente dí:

*“ (...) Vistos os Orzamentos Xerais que se presentan a aprobación, integrados polo Orzamento do Concello e polo Orzamento do Instituto Municipal de Deportes, que importan, de acordo o estado de consolidación de ambos orzamentos, a cantidade de 6.774.875,41 euros, presentándose por tanto equilibrados.*

*Visto que de acordo co artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira, o Concello deberá aprobar o límite máximo de gasto non financeiro, coherente coa regra de gasto e co obxectivo de estabilidade orzamentaria, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos.*

*Visto que o proxecto de orzamento cumpre co principio de estabilidade orzamentaria, e que de acordo cos criterios para a aplicación da regra de gasto, este pode incrementarse ata o límite que permita a percepción de novos ingresos, determínase o límite de gasto non financeiro do Concello de Bueu para 2016 na cifra de 6.516.480,06 euros.*

*En consecuencia co anterior, dado que o Concello de Bueu vai percibir no exercicio 2016 novos ingresos, para realizar este cálculo tómase o gasto computable do proxecto de orzamento para o exercicio 2016, engadindo os gastos subvencionados por outras administracións (6.490.567,49 euros), e engádese o importe dos gastos do Capítulo III (25.912,57 euros), obtendo un límite de gasto non financeiro de 6.516.480,06 euros.*

*Visto que os presentews orzamentos cumpren co obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

*Visto o informe do Interventor.*

*Presento ao Pleno a seguinte proposta:*





*Primeiro: Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2016 e determinalo na contía de 6.516.480,06 euros, de acordo co prescrito no artigo 30 e concordantes da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.*

*Segundo: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2016, comprensivo dos Orzamentos do Concello de Bueu e do Instituto Municipal de Deportes, que importa a cantidade de 6.774.875,41 euros en termos consolidados, presentándose equilibrado.*

*Terceiro: Someter dito acordo a información pública previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de 15 días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar alegacións.*

*Transcorrido este prazo sen presentación de reclamación algunha, sondidérase definitivamente aprobado dito orzamento; de habelas, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas e proceder á aprobación definitiva dos Orzamentos."*

Rematada a lectura do ditame o sr. alcalde declara aberto o debate:

### **Debate:**

#### **▪ Sr. García Cuervo (BNG):**

Fai un resumo das cantidades que resultan da proposta de orzamentos polo estado de gastos e ingresos que ascenden a un total de 6.774.875,41 euros en termos consolidados, presentándose equilibrado cun incremento dos ingresos e gastos respecto das previsións feitas ao respecto no correspondente plan de axuste aprobado polo Pleno do concello.

Considera que a evolución financeira do concello é altamente positiva cun nivel de ingresos moi estable que permite unha maior e mellor resposta as demandas da veciñanza que resulta basicamente dunha maior recadación tributaria xunto coa participación nos tributos do estado e coas aportacións doutras administracións, como por exemplo, a participación a través do plan de emprego da Deputación.

As previsións que resultan da proposta de orzamentos é similar ao do ano 2015 con algunha novidade como a correspondente a dotación de partida orzamentaria para dotar a praza de persoal eventual creada na sesión organizativa do pleno da corporación municipal que resultou das eleccións municipais de maio de 2015, a creación dunha partida para o fondo social e o incremento de persoal laboral temporal como consecuencia, basicamente, do plan de emprego da Deputación.

Respecto ao estado da débeda sinala que a amortización prevista para este exercizo permitirá unha redución considerable da porcentaxe da débeda e en seis anos aproximadamente estima a súa cancelación total o que novamente significa a boa situación financeira do concello e da lectura do informe de intervención que se incorpora ao expediente queda constatado este feito.

Respecto ás inversións previstas remítese ao anexo de inversións que forma parte da proposta de orzamentos que está a debaterse.

#### **▪ Sr. Vilas Pastoriza (PSOE)**

Inicia a súa intervención agradecendo ao alcalde as reunións mantidas cos membros da oposición nas derradeiras semanas pero lamenta que non se houberan producido dende un primeiro momento. Considera que as partidas básicas practicamente non sufren variación algunha tales como as correspondentes á política social, cultural e deportiva aínda que amosa a súa satisfacción polo incremento da partida correspondente a dependencia.

Respecto ao capítulo de ingresos, evidencia cantidades moi baixas nas previsións de recadación por infraccións urbanísticas o que evidencia que o goberno municipal non





ten intención de controlar a comisión de infraccións urbanísticas e gustaríalle que se puxera en marcha un servizo de inspección urbanística no departamento de urbanismo en lugar de contratar arqueólogos.

Considera desproporcionada a partida de gasto destinada á rehabilitación do estaleiro de Banda do Río e vería máis axeitado que parte dos fondos destinados a esta inversión se dirixiran a actuacións diversas no rural demandadas polos veciños tales como parques públicos e zonas de esparcemento ou asfaltado das beirarrúas.

Amosa a súa disconformidade coa inversión na adquisición dunha máquina barredora xa que o concello dispuxo dunha no ano 2000 que terminou vendendo como chatarra polo seu desuso e agora pretende mercar unha nova e considera que, en lugar de máquinas, o concello debería investir en persoas.

Remata a súa intervención anunciando o seu voto en contra da proposta de orzamentos para o ano 2016.

▪ **Sr. Santos Pires (PP)**

Pregunta ao alcalde polo tempo que lle concede para intervir e dille si ese tempo pode ser de dous minutos.

▪ **Sr. alcalde**

Confirma o tempo solicitado polo Sr. Santos Pires

▪ **Sr. Santos Pires (PP)**

(Permanece en silencio ao longo do tempo concedido pola presidencia da sesión)

▪ **Sr. Villanueva González (SON):**

Anuncia a súa abstención e fai constar que fixo unha serie de propostas para que foran incluídas nos orzamentos co obxecto de poder dispor dun orzamento participativo. Ao respecto foron tidas en conta algunha da súas peticións polo goberno pero non o fondo da cuestión relativa á inclusión de partidas orzamentarias novas.

▪ **Sr. Castro Quiroga (BNG):**

Considera que nos últimos tempos as sesións plenarias rozan o esperpento e dille ao Sr. Santos Pires que a súa intervención neste asunto foi a mellor da súas intervencións nas sesións plenarias ás que asistiu ata agora.

▪ **Sr. García Cuervo**

Resposta que como nos derradeiros catro anos o goberno citou aos voceiros dos diferentes grupos políticos municipais e se lles facilitou copia dos borradores dos orzamentos. En anteriores mandatos foi o Sr. Castro, do grupo socialista, o concelleiro que asistía ás reunións e o goberno actual sigue na mesma liña que no mandato anterior.

Este ano o borrador de orzamentos se facilitou dous meses antes a todos os grupos. Asemade mantivo reunións cos grupos políticos ás que asistiu o interventor do concello e puideron desgranar o documentos punto por punto.

Na sesión ordinaria da comisión informativa permanente que dictaminou o asunto quedou moi sorprendido coas actitudes dos concelleiros da oposición e, moi especialmente, coa do Sr. Santos Pires que deu voces, palabras malsonantes, ameazas e acusacións.

(O Sr. Santos Pires abandona a sesión sendo as 21 horas do mencionado día)

▪ **Sr. alcalde**



Se dirixe ao Sr. Santos Pires, sentado entre o público que asiste á sesión, e lle insta a ausentarse da sesión se o seu desexo é abandonar a mesma

(O Sr. Santos Pires se reincorpora á sesión sendo as 21 horas e 01 minuto do mencionado día)

• **Sr. Vilas Pastoriza**

Recoñece o seu descoñecemento sobre cuestións orzamentarias porque, entre outras razóns, non conta co asesoramento do que dispón o goberno municipal e a derradeira intervención do Sr. García Cuervo non é propia dun concellerio senón dun “payaso”

▪ **Sr. alcalde**

Fai unha primeira chamada á orde entre os concelleiros que participan do debate plenario e roga do Sr. Vilas que retire o insulto ao Sr. García Cuervo

▪ **Sr. Vilas Pastoriza**

Manifesta que o Sr. García Cuervo faltou á verdade na súas manifestacións e engade que, a partir de agora, soamente asistirá a aquelas reunións ás que sexa convocado oficialmente polo goberno

▪ **Sr. Santos Pires**

Pregunta se consta algún insulto na acta da sesión ordinaria da comisión informativa. Considera que, sen perxuro dos debates e das intervencións dos concelleiros nos órganos colexiados, a oposición no pinta nada nos asuntos municipais.

Recórdalle ao alcalde que dende fai tempo ven solicitando a celebración dunha xunta de voceiros onde se trate o acceso á información dos concelleiros e tamén quedaron pendentes dunha terceira reunión para tratar o borrador de orzamentos e para ultimar o documento definitivo que non se celebrou polo que considera que o goberno fai un “paripé” para dar aparencia de consenso que é inexistente.

▪ **Sr. Eirea Eiras**

Non entende as razóns polas que se prolonga no tempo o incidente da sesión ordinaria da comisión informativa de facenda que dictaminou o asunto. Intervén para clarexar as previsións orzamentarias relativas ás subvencións manifestando que hai recoñecemento a través dos orzamentos de concesión de subvencións nominativas e unha partida para realizar unha convocatoria pública de subvencións que garante a concorrencia co obxecto de realizar unha previsión e mellorar a xestión do gasto.

Sen perxuro do anterior lle gustaría que as actividades que se promocionan a través das subvencións nominativas foran realizadas directamente polo concello pero os medios dos que dispón a administración municipal so fan posible utilizar a acción de fomento neste senso e non será o mellor modelo pero se garante a transparencia e eficiencia no emprego dos medios dos que dispón o concello.

Salienta que o sistema que emprega o concello de Bueu é o mesmo que o da administración autonómica e permite dar saída a actividades que aportan un incuestionable valor cultural para o concello e a súa veciñanza.

▪ **Sr. alcalde**

Intervén para recordar que o orzamento do concello é unha das propostas mais importantes que se someten á consideración do Pleno xa que representan as previsións da actuación do concello ao longo do ano en todos os eidos da súa actuación e considera o de 2016 como o máis importante dos derradeiros anos que conduce á resolución dun problema estrutural do concello pola redución do impacto



da súa débeda e a dotación orzamentaria dos recoñecementos extraxudiciais de crédito.

Se trata do terceiro orzamento que se aproba no marco do plan de axuste e das implicacións que resultaron coa entrada en vigor da lei 4/2012 que, en todo caso, condicionan a elaboración da proposta de orzamentos.

Recoñece que ao goberno lle gustaría incrementar a dotación contida en moitas partidas de gasto pero se atopan cos límites impostos pola lei de estabilidade orzamentaria e de control da débeda.

Respecto aos gastos de persoal e aínda que as retribucións non sexan as desexables, o concello conta cun convenio e acordo regulador para o seus empregados consensuado cos representantes dos traballadores gracias á labor negociadora do Sr. García Cuervo. Neste eido, dende hai tempo se negocia a relación de postos de traballo do concello de Bueu que permitirá mellorar a estrutura retributiva do persoal ao tempo que racionalizará a estrutura administrativa do concello sendo unha vella reivindicación dos traballadores que agora se está tramitando e está a piques de rematar a fase negociadora do documento. Se recoñece, por vez primeira, unha partida para fondo social da que se beneficiaran os empregados públicos cunha dotación inicial de 10.000 euros que se prevé no convenio colectivo negociado e aprobado recentemente.

Respecto á política social recoñece un importante avance nos derradeiros anos que se evidencia na proposta de orzamentos.

Respecto á presión fiscal manifesta que Bueu é o único concello da área que baixou a carga impositiva por este imposto e representa a tendencia da baixada impositiva que afecta a outros tributos e pese a elo son capaces de cadrar as cifras e propor un orzamento equilibrado.

Considera que son estes temas os que deben ser obxecto de debate plenario e non as acusacións cruzadas.

En canto ao estado de ingresos e pese a ser o concello máis pequeno da comarca o anexo de inversións prevé actuacións con cargo a fondos propios sen que ningún dos concellos limítrofes chegue a cifras tan elevadas do orzamento de ingresos coma o de Bueu.

En canto ao retraso na elaboración da proposta definitiva de orzamentos manifesta que estes meses lle permitiron coñecer mais ao detalle a situación e a realidade para perfilar as partidas e a súa distribución.

O anterior evidencia que o concello vai na dirección correcta e na prestación dos servizos da mellor das maneiras posibles.

Moléstalle a actitude do concelleiro do PSOE no seu desacordo coa inversión da rehabilitación do estaleiro da banda do Río, que supón por en valor e recuperar un elemento tradicional e singular da vila e consagra a protección que do mesmo lle da a súa consideración de ben catalogado e non lle estrañaría doutro grupo pero si do grupo socialista.

Respecto do proxecto recorda que a parte presupostada constitúe unha primeira fase e o desenvolvemento completo da actuación pretende realizarse a través dunha segunda liña de financiación a través do GAC.

Respecto ao subministro dunha máquina barredora clarexa que pese as contratacións laborais para reforzar este servizo que se xestiona directamente dende o concello co persoal propio é necesario dotarse de medios materiais máis axeitados para garantir una mellor prestación do servizo de limpeza municipal o que xustifica esta inversión tal e como están a facer os concellos limítrofes.

Non producíndose máis intervencións, o Sr. alcalde somete a proposta, de 22.04.2016, do Concelleiro Delegado de Facenda e Réxime Interior, en canto a aprobación inicial do Planel e



Catálogo de Persoal do Concello de Bueu correspondente ó exercizo de 2016, a votación ordinaria, nominal e a man alzada co seguinte resultado:

### **VOTACIÓN E ACORDO:**

Rematado o capítulo de intervencións, o Sr. Alcalde-Presidente somete a votación a proposta da alcaldía, de 20.04.2016, relativa á **aprobación inicial dos Orzamentos do Concello de Bueu e do Instituto Municipal de Deportes (IMD) correspondente ao exercizo 2016**, dándose o seguinte resultado:

- Votos a favor. 12 (dos Concelleiros do grupo municipal do BNG)
- Votos en contra: 03 (do Concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE e dos Concelleiros presentes do grupo municipal do PP)
- Abstencións: 01 (do Concelleiro dos grupos municipais do SON)

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta de votos dos membros presentes da Corporación, acorda:

1. Aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercizo 2016 e determinalo na contía de 6.516.480,06 euros, de acordo co prescrito no artigo 30 e concordantes da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
2. Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercizo 2016, comprensivo dos Orzamentos do Concello de Bueu e do Instituto Municipal de Deportes, que importa a cantidade de 6.774.875,41 euros en termos consolidados, presentándose equilibrado.
- 3.- Someter dito acordo a información pública previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de 15 días, durante os que os interesados poderán examinalos e presentar alegacións. Transcorrido este prazo sen presentación de reclamación algunha, considérase definitivamente aprobado dito orzamento; de habelas, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas e proceder á aprobación definitiva dos Orzamentos.

(Se ausenta da sesión o concelleiro do GPM de SON, Julio Villanueva Pastoriza, sendo ás 21,30 minutos)

## **6.- DACIÓN CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA HABIDAS DENDE A DERRADEIRA SESIÓN ORDINARIA**

Pola Presidencia dase conta das Resolucións da Alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a dispor dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, que, de seguido, se relacionan:

| nº  | data     | extracto do seu contido  |
|-----|----------|--|
| 204 | 01/04/16 | Prestación fianza a favor de ABANCA, contrato arrendamento local oficinas  |
| 205 | 01/04/16 | Rectificación erro material Anexo III PCAP expte. contratación Servizo Alleo Prevención Riscos Laborais                                  |
| 206 | 30/03/16 | Aprobación gasto Seguridade Social mes febreiro  |
| 207 | 29/03/16 | Aprobación liquidacións procedemento regularización catastral  |
| 208 | 30/03/16 | Aprobación liquidacións taxa servizos Axuda no Fogar e Dependencia, mes xaneiro e febreiro, e ocupación vía pública con mesas e cadeiras |
| 209 | 31/03/16 | Aproación gasto e orde pago anuncio BOP licitación contratación servizo prevención riscos laborais                                       |
| 210 | 21/03/16 | Contratación temporal de Elena Vázquez Otero como traballadora social, e proposa contratación a Rodríguez Eugenia Mileti                 |
| 211 | 22/03/16 | Contratación temporal de Eugenia Mileti Rodríguez como traballadora social   |
| 212 | 01/04/16 | Convocatoria Xunta Goberno Local 04/04/16  |
| 213 | 30/03/16 | Xustificación gastos subvención Consellería Traballo e Benestar, contratación persoal en situación de exclusión social                   |



## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

|     |          |   |
|-----|----------|---|
| 214 | 01/04/16 | Autorización celebración XVII Encontro-Degustación Millo Corvo á Asoc. Cultural de Meiro, días 1-2-3 abril  |
| 215 | 31/03/16 | Autorización celebración voda civil a Noelia García Láins   |
| 216 | 31/03/16 | Autorización celebración voda civil a Raúl Romero Núñez   |
| 217 | 01/04/16 | Aceptación reincorporación trababalladora Alexandra Mª Conde Lorenzo, Auxiliar Biblioteca   |
| 218 | 21/03/16 | Incoación expte. responsabilidade patrimonial instado por Julio Agulla Pastoriza, danos vehículo  |
| 219 | 01/04/16 | Resolución reclamacións fiscais 05/16   |
| 220 | 04/04/16 | Resolución expte. sancionador R/S34-15 incoado a Aqualia, por incumrimentos constatados na auditoría periódica de Aguas de Galicia                  |
| 221 | 04/04/16 | Aprobación listado definitivo admitidos e excluídos 1ª convocatoria Plan Conservación e Funcionamento bens e servizos municipais                    |
| 222 | 01/04/16 | Nomeamento de Mª Isabel Navarro Lustre como suplente posto Xefe Negociado Urbanismo 01-08/08/16   |
| 223 | 29/01/16 | Aprobación nóminas complementarias mes decembro 2015  |
| 224 | 01/04/16 | Aprobación Padrón Abastecemento Auga, Saneamento e Depuración, 1ºT/16   |
| 225 | 05/04/16 | Aprobación gasto e orde pagamento costas recurso P.O. 297/13 demanda Manuel A. Mendiña Pastoriza  |
| 226 | 05/04/16 | Aprobación gasto e orde pagamento costas recurso P.O. 87/13 demanda Mª Dolores Loira Rodríguez  |
| 227 | 05/04/16 | Aprobación expte. modificación créditos 06/16, transferencia 02/16, por unha contía de 26.709,83 €  |
| 228 | 05/04/16 | Aprobación gasto e orde pagamento anuncio BOP licitación Servizo Colaboración na Xestión Tributaria   |
| 229 | 05/04/16 | Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local 4º T/15, Viesgo Enerxía   |
| 230 | 06/04/16 | Aprobación nómina atrasos Mª Dolores Loira Rodríguez  |
| 231 | 05/04/16 | Aprobación nómina atrasos Alexandre Portela Novas   |
| 232 | 06/04/16 | Aprobación nómina atrasos Ana del Río Pastoriza   |
| 233 | 07/04/16 | Nomeamento de Hortensia Estévez Gesteira, como Secretaria do Alcalde do Concello  |
| 234 | 11/04/16 | Rectificación erro material R.A. 233/16, nomeamento de Hortensia Estévez Gesteira como Secretaria do Alcalde do Concello                            |
| 235 | 11/04/16 | Aprobación prego condeicións técnicas "Submisitación barreadeira-aspiradora servizo limpeza Concello de Bueu"                                       |
| 236 | 12/04/16 | Aprobación lista provisional admitidos provisión posto Xefe Negociado de Intervención   |
| 237 | 13/04/16 | Aprobación bases contratación Auxiliares Policía Local tempada verán  |
| 238 | 12/04/16 | Subsanación erros requirimento documentación previa exptes. contratación "Balizamento praias" e "Mantemento e instalación sistemas alarma...        |
| 239 | 06/04/16 | Autorización celebración voda civil a Natalia Juncal Abilleira  |
| 240 | 08/04/16 | Orde pagamento á Deputación recadación recarga provincial IAE 2015  |
| 241 | 05/04/16 | Aprobación liquidación cota trimestral xuros Operación Tesourería Caixabank   |
| 242 | 11/04/16 | Resolución reclamacións fiscais 242/16  |
| 243 | 12/04/16 | Autorización celebración voda civil a Carlos Rivas Otero  |
| 244 | 13/04/16 | Cancelación voda civil Noelia García Láins  |
| 245 | 13/04/16 | Arquivo expte. recuperación camiño denominado "Currás", en Meiro  |
| 246 | 12/04/16 | Devolución documentación administrativa expte. contratación "Servizo colaboración na xestión tributaria..." a Gestión Tributaria Territorial S.A.U. |
| 247 | 13/04/16 | Aprobación gasto e recoñecemento obriga taxas Portos de Galicia, uso non portuario, e ISM auga local Policía Local                                  |
| 248 | 07/04/16 | Aprobación expte. modificación créditos 07/16, xeración 02/16, por unha contía de 1.006,29 €  |
| 249 | 30/03/16 | Orde pagamento cota arrendamento financeiro máquina limpa praias  |
| 250 | 12/04/16 | Remate relación laboral con Basilia Martínez Bernárdez, e traslado proposta contratación a Mª Beatriz Otero Abalde                                  |
| 251 | 13/04/16 | Aprobación gasto e recoñecemento obrigas anuncios BOP licitación servizo colaboración xestión tributaria e contratación Auxiliares Policía Local    |
| 252 | 08/04/16 | Aprobación gasto e recoñecemento obrigas anuncio BoP licitación contratación Rexeneración entorno Igrexa de Ermelo                                  |
| 253 | 15/04/16 | Convocatoria Xunta de Goberno 18/04/16  |
| 254 | 12/04/16 | Denegación tarxeta estacionamento por discapacidade física, a Consuelo Currás Acuña   |
| 255 | 12/04/16 | Concesión tarxeta estacionamento por discapacidade física, a Camen Otero Patiño   |
| 256 | 18/04/16 | Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local Orange Espagne, 1º T/16   |
| 257 | 12/04/16 | Ampliación nomeamento de Isabel Navarro Lustre como suplente Xefe Negociado Intervención, ao 11 de abril  |
| 258 | 14/04/16 | Autorización ocupación dominio público local a Gas Galicia, ampliación rede acometida en C. Figueirón 2   |
| 259 | 14/04/16 | Autorización ocupación dominio público local a Gas Galicia, canalización para 6 acometidas na Avda. Agreloc16                                       |
| 260 | 11/04/16 | Autorización ocupación dominio público local a Gas Galicia, canalización 8 acometidas na Avda. Agrelo 17  |



## CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400 J. Rex. E.111

|     |          |  |
|-----|----------|--|
| 261 | 13/04/16 | Autorización ocupación dominio público local a Gas Galicia, acometida en X. Carballeira 16                                     |
| 262 | 15/04/16 | Autorización celebración voda civil a Alexia Montero Núñez   |
| 263 | 20/04/16 | Lista definitiva admitidos provisión posto trabalo Xefe Negociado Intervención e convocatoria Comisión Técnica Avaliadora      |
| 264 | 20/04/16 | Resolución reclamacións fiscais 07/16  |
| 265 | 19/04/16 | Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local AUDAX Energía, 1º T/16                                   |
| 266 | 15/04/16 | Contratación de Mª Beatriz Otero Abalde, como peón limpeza   |
| 267 | 19/04/16 | Autorización celebración voda civil a David Durán Otero  |
| 268 | 18/04/16 | Aprobación expte. modificación créditos 08/16, incorporación remanentes 04/16, por unha contía de 41.230,86 €                  |
| 269 | 20/04/16 | Aprob. Cert. 1-final obra "Pavimentación 4 camiños municipais"   |
| 270 | 19/04/16 | Aprobación proxecto "Restauración Estaleiro da Banda do Río-Carpintería de Ribeira de Purro", Fase I                           |
| 271 | 25/04/16 | Contratación 25 <u>traballador@s</u> Plan Emprego Conservación e Funcionamento bens e servizos municipais                      |
| 272 | 21/04/16 | Concesión tarxeta estacionamento por discapacidade física, a Graciano Hermelo Calvar   |
| 273 | 25/04/16 | Concesión tarxeta estacionamento por discapacidade física, a María González Prado  |
| 274 | 25/04/16 | Aprobación liquidacións IIVTNU   |
| 275 | 22/04/16 | Aprobación gasto e orde pagamento anuncio BOP convocatoria contratación 9 socorristas  |
| 276 | 21/04/16 | Aprobación listado provisional admitidos e excluídos proceso selectivo creación bolsa traballo contratación Educadores Sociais |
| 277 | 27/04/16 | Convocatoria Pleno 02/05/16  |

Non facendo uso da palabra ningún nos Concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal das resolucións habidas dende a última sesión ordinaria.

### **7. MOCIÓN PSdeG-PSOE RELATIVA Á REVISIÓN CATASTRAL**

A presidencia se dirixe ao Sr. Vilas Pastoriza para preguntarlle se desexa someter, pola vía de urxencia, á consideración do Pleno a súa moción de data 27.04.2016, RE núm. 3103 de 27.04.2016, relativa á revisión catastral.

O Sr. Vilas Pastoriza resposta que se se convoca sesión extraordinaria da comisión informativa permanente de facenda para tratar este asunto sen ter que esperar á correspondente sesión ordinaria da comisión, non a somete por vía de urxencia ao Pleno.

O alcalde resposta que se compromete a convocar sesión extraordinaria da comisión informativa permanente de facenda para tratala a vindeira semana.

### **8.- ROGOS E PREGUNTAS (R/P)**

#### **1.- GPM SON (R/P ESCRITAS)**

O Sr. Alcalde da lectura á resposta ás preguntas formuladas polo grupo SON na pasada sesión ordinaria do Pleno, (consta no expediente da correspondente sesión escrito entregado en man á presidencia da sesión, sen rexistrar, de data 04.04.2016) en relación cos problemas de verquido na ría que literalmente dí

#### *"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O Tribunal de Xustiza da Unión Europea ratificou o 10 de marzo deste ano o incumprimento reiterado do tratamento das augas residuais de, entre outras, a ría de Pontevedra. Fíxoo a raíz dunha denuncia formulada pola Comisión Europea ao Estado español en novembro de 2014, sinalando o "indudable risco para a saúde pública" orixinado por un deficiente saneamento desas augas.*

*Desde Europa, o primeiro chamamento para a busca de solucións datou de 2003, e na recente resolución establécese que España incumpriu a obriga de garantir un tratamento secundario ou un proceso equivalente das augas residuais que entran nos sistemas colectores da aglomeración Pontevedra-Marín-Poio-Bueu.*





*De momento non se fixou unha multa, como a de 20 millóns de euros imposta no seu día pola contaminación da ría de Vigo (arquivada tras a presentación dun novo plan de saneamento), pero a xustiza europea xa sinalou que o noso saneamento incumpre os requisitos do artigo 4 e do artigo 5 (apartados 2 e 3) da directiva europea sobre augas residuais (que sinalan que estas aglomeracións urbanas deberían dispoñer, a máis tardar en 1998, dun sistema de tratamento máis riguroso para as súas augas.*

*En agosto de 2015 as autoridades españolas trasladáronlle á Comisión Europea a data de setembro de 2020 como horizonte para resolver os problemas de depuración.*

*En Bueu consta un informe da empresa adjudicataria Aqualia a petición de Augas de Galicia, que constata a presenza alomenos 25 verquidos ilegais e incontrolados, así como posibles deficiencias na EDAR a cal tivo un correcto funcionamento mentres foi de competencia pública.*

*Cónstanos que houbo inversións na EDAR de Bueu de 170.00 euros para facer un terceiro tratamento das augas residuais con tratamento ultravioleta, parece que inactivo dende a súa instalación.*

#### **PREGUNTAS**

- 1. ¿Cónstalle ó axuntamento algunha actuación total ou parcial sobre os 25 focos de contaminación que sinalan no informe de Aqualia?*
- 2. Ten o axuntamento control sobre a concesionaria?*
- 3. ¿Cántos camións de lodo u toneladas sacábanse ó porse en marcha a EDAR e cuántos se sacan neste momento?*
- 4. ¿Consta se o terceiro tratamento con raios ultravioleta está activo?*
- 5. Sabendo que é unha EDAR preparada para 17.000 habitantes ¿cónstalle ó axuntamento o número de usuarios que a utilizan e o incremento no verán de usuarios?*
- 6. ¿Ata cándo está a concesión en vigor, e se ten pensado retomar o control público da EDAR?"*

#### **Resposta da Alcaldía:**

Pasa a dar lectura á resposta entregada por escrito e vía electrónica ó interesado, nos seguintes termos:

*En relación coa moción-aclara que se trata de preguntas e non moción- presentada polo grupo municipal ACEB-SON referente ao tratamento das augas residuais no Concello de Bueu, e no que se plantexaban unha serie de preguntas, procede a darse traslado das correspondentes respostas.*

#### **Cónstalle o axuntamento algunha actuación total ou parcial sobre os 25 focos de contaminación que sinalan no informe de Aqualia?**

*Dito informe ao que se fai referencia non se corresponde a un informe elaborado por esta concesionaria, senón a un informe emitido por Augas de Galicia e remitido ao Concello de Bueu con data de 15 de setembro de 2009. Neste informe se enumeran 25 puntos de vertido. Con data 31 de outubro de 2013, infórmase da redución dos puntos de vertido a 7, como consecuencia das actuacións levadas a cabo.*

#### **Ten o axuntamento o control sobre a concesionaria?**

*O concello realizou una auditoría da concesionaria, que serviu como base para evitar a subida de tarifas pretendidas, e ademais de por de manifesto incumprimentos, que provocaron o inicio de varios expedientes sancionadores.*

#### **Proposta de tarifas .**

*A continuación expoñemos as tarifas propostas tendo en conta tanto a variación anual anteriormente calculada pola revisión da fórmula paramétrica, como a debida ó incremento*



*dos custos de explotación do Servizo pola nova xestión de fangos da E.D.A.R. e das novas infraestruturas na mesma.*

*Incremento por fórmula paramétrica:*

*Incremento por xestión de fangos e desinfección:*

**Total incremento :**

**40,80%**

**22,57%**

**63,37%.**

**Cantos camiións de lodo ou toneladas sacábanse ó pórse en marcha a EDAR e cantos se sacan neste momento?**

*Durante os anos 2014 e 2015 retiráronse 1.756 Tn E 1.955 Tn respectivamente. Con respecto a períodos iniciais infórmase que, no ano 2004, a cantidade retirada anualmente foi de 775 Tn, o que representa un incremento de en torno a un 40% nos últimos dez anos.*

**Consta se o terceiro tratamento con raios ultravioleta está activo?**

*O tratamento terciario, con ultravioletas, foi motivo de debate nos tribunais coa empresa concesionaria, pois pretendía cobralo sen lévalo a cabo. A pesar de que a súa obriga e recente, e que as EDAR do contorno carecen del, o concello pretende que o contratista o poña en marcha, como una obriga contractual.*

**Sabendo que é una EDAR preparada para 17.000 habitantes, ¿cónstalle o axuntamento o número de usuarios que a utilizan e o incremento no verán de usuarios?**

*Con respecto a esta pregunta, a EDAR está deseñada para un caudal medio de 5.112m<sup>3</sup>/día. No ano 2004 o caudal medio foi de 1.329,37 m<sup>3</sup>/día. Actualmente, no ano 2014, o caudal medio situouse en 6.909,73 m<sup>3</sup>/día , e de 5.612,88 m<sup>3</sup>/día no ano 2015, superándose o caudal medio de deseño. En canto ao número de usuarios, trimestralmente remítese o padrón de clientes con esta información recollida nel.*

**Ata cando está a concesión en vigor e se ten pensado retomar o control público da EDAR?**

*Ata o ano 2025, a nosa preocupación permanente é a de que se lle preste o mellor servizo aos usuarios, nas mellores condicións posibles, como se vén facendo dende que estamos no goberno.*

## **2.- GPM PP (R/P ESCRITAS)**

Se formula o seguinte rogo formulado polo grupo PP, mediante escrito de 02.05.2016 (RE núm. 3203/16 da mesma data) que literalmente dí:

*“Os Concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular formulan a seguinte pregunta para súa contestación no próximo Pleno a celebrar:*

**ROGO:**

*Son moitas as queixas que recibimos dos veciños e veciñas de Bueu en forno a falta de resposta persoal e suficientemente motivada ás alegacións que se fixeron ó PXOM, trala súa aprobación inicial. Isto é un exemplo máis da soberbia de quen nos goberna e da falta de transparencia do seu grupo de goberno.*

*Vostedes pregoaron a vento e marea nos distintos medios de comunicación, nestes tres anos que pasaron entre a aprobación inicial e a provisional, que se ían contestar todas as alegacións de forma persoal e explicando os motivos polo que non foron estimadas, unha*





*vez que o equipo redactor fixese o seu traballo, e antes de que o PXOM fose aprobado de maneira provisional.*

*Agora din que ata a aprobación definitiva non se poden contestar as alegacións, de xeito que a única saída que lles deixan ós veciños e veciñas é a vía contencioso-administrativo.*

*Deste xeito abocan ós perxudicados a un pleito que, no seu caso, durará anos e cun custe elevado para eles.*

*Por cortesía coa veciñanza, pola molestia que tiveron ó presentar alegacións ó PXOM coa intención de melloralo, deberíamos de facilitarlle ós veciños unha contestación motivada de porqué non se admitiron as alegacións, aínda que esta contestación sexa un acto contra o que non cabería recurso, pero terían unha resolución con fundamentos técnicos para poder ver que estaban errados ante as súas pretensións.*

*Á vista do exposto, temos que facer un ROGO ó equipo de goberno para que se proceda a dar resposta á totalidade das alegacións que se efectuaron ó PXOM de forma motivada e persoal, facilitarase o acceso ós técnicos municipais e incluso ó equipo redactor para que obteñan as aclaracións que precisen.(...)”*

### **3.- R/P FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN SON**

a) Hai erros tipográficos e de ubicación nalgunha das sinais verticais instaladas polo concello nas diferentes parroquias do termo municipal. Ten o goberno pensado formular requirimento a empresa que as instalou para a súa rectificación?

O alcalde resposta que os problemas non son tanto da empresa como do replanteo previo e a cartografía que serviu de base para a instalación das sinais feita polo técnico municipal. A empresa colocou as sinais onde se lles indicou e xa se rectificaron algúns erros. Respecto á ubicación clarexa que as sinais non sempre se ubicaron nos límites da parroquia.

Intervén o Sr. Villanueva Pastoriza para engadir que acompañou ao técnico para facer o replanteo previo instalándose un total de 120 sinais, dous por parroquia no extenso termo municipal con múltiples lugares. En Beluso se instalaron ben, noutros lugares xa se rectificaron os erros detectados e os que quedan pendentes de rectificar se fará nas próximas datas.

b) Roga o acceso aos informes de secretaría e insta a celebrar unha xunta de voceiros para consensuar un borrador de regulamento orgánico que flexibilice a tramitación para o acceso dos concelleiros aos expedientes administrativos e poder garantir a labor de control e fiscalización dos grupos da oposición municipal.

### **PSdeG-PSOE**

a) Respecto ao replanteo previo para a instalación da sinalética, por qué non fixo o replanteo o técnico que elaborou o proxecto de instalación?

O Sr. Alcalde responde que así se aforran cartos e o arquitecto técnico municipal era o director de obra.

### **PP (Sr. Santos Pires)**

a) En qué estado de tramitación se atopa o regulamento de participación veciñal?

O Sr. Alcalde reitera as explicacións dadas en anteriores sesións onde se formula a mesma pregunta e que pivotan sobre o funcionamento interno da administración municipal. Hai compromisos adquiridos e tramitacións de expedientes xa iniciados que deben cumprir uns prazos e que determinan que se vaian despachando asuntos segundo as necesidades e carga de traballo de cada un dos servizos administrativos nos que se estrutura o concello e



CONCELLO DE BUEU - DEPARTAMENTO DE SECRETARÍA

RÚA EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

hai un colapso pola tramitación dunha gran cantidade de expedientes xunto coa preparación de borradores de normativa municipal.

E non habendo mais intervencións nin mais asuntos a tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 21:55 horas do día ó principio sinalado, de todo o que, en canto Secretaria Xeral da Corporación, dou fe.

A secretaria,

Vº Pr.  
O alcalde,

Nuria Lobato del Río

Félix Juncal Novas